



INSTRUCCIÓN PARA A CUMPRIMENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES DE INSCRICIÓN OU MODIFICACIÓN NO REXISTRO ESPECIAL DE ENTIDADES COLABORADORAS (REEC)

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. ACCESO Á APLICACIÓN	3
3. ÁREA DE TRABALLO	5
4. CUMPRIMENTACIÓN DE SOLICITUDES	6
5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES	9

1. INTRODUCCIÓN

O sistema de cumprimentación electrónica de solicitudes do Rexistro Especial de Entidades Colaboradoras (REEC) permite ás entidades solicitantes cubrir o formulario da solicitude de inscrición ou modificación no REEC que xestionase a través do procedemento administrativo **AU222A – Outorgamento / Modificación do título de Entidade Colaboradora**.

O sistema permitirá cubrir progresivamente os formularios, validar que estén correctamente cubertos e obter unha copia impresa. Una vez cubertos os formularios e impresa a solicitude, a entidade solicitante deberá realizar a presentación da devandita solicitude polo canal ordinario (presencial), xunto coa documentación requirida.

O sistema ten como obxectivo minimizar os posibles erros ao encher a solicitude, realizando diversos tipos de comprobacións dos datos introducidos (por exemplo, comprobando a validez dos NIF/NIE introducidos).

Para xerar unha solicitude válida débese cubrir o formulario da aplicación e corrixir aqueles erros nos datos detectados por ela.

En todo momento poderase imprimir a solicitude en papel. Antes de validar a solicitude no sistema, aparecerá no exemplar impreso unha marca de auga *“Exemplar non válido para a súa presentación”* para indicar que é un borrador. **Só cando a solicitude esté validada no sistema imprimirase a mesma sen dita marca de auga.**


Ao validar unha solicitude no sistema, asígnase automaticamente a dita solicitude un código electrónico (código web) que aparecerá no exemplar impreso e permitirá ao xestor recuperar a información da solicitude una vez que haxa sido recibida a través do rexistro ordinario.

Por tanto, **as solicitudes obtidas polo sistema non poden ser corrixidas manualmente.**

Así, toda solicitude obtida polo sistema e que no esté validada (aparece a marca de auga impresa) ou modificada despois da súa validación no sistema non será tida en conta e será motivo de non admisión a trámite.

2. ACCESO Á APLICACIÓN

O acceso ao sistema de cumprimentación electrónica de solicitudes do Rexistro Especial de Entidades Colaboradoras (REEC) realizarase dende o pertinente enlace da páxina web de Augas de Galicia:



Rexistro Especial Entidades Colaboradoras

Rexistro de Entidades Colaboradoras da Administración Hidráulica de Galicia

A través desta oficina virtual poderá



Obter e cubrir os formularios de solicitude e/ou modificación do título de Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica de Galicia en materia de control de vertidos e calidade das augas.

Unha vez cubertos os formularios poderá imprimilos para entregalos, xunto coa documentación que lles sexa esixible segundo a actividade que desenvolvan, de calquera dos xeitos que lle permita a Lei 30/1992 de procedementos administrativos.

Cómo cubrir as solicitudes

[Instrucións](#) básicas para usar esta ferramenta.

Vostede mesmo se asigna o contrasinal. Deberá lembrar o seu contrasinal para acceder ás súas solicitudes con posterioridade.

Escolla o idioma para o resto da navegación:  - 

Datos de contacto

Enderezo electrónico: augasdeg Galicia@xunta.es

É necesario ter instalado o Adobe Acrobat Reader versión 6 ou superior para poder editar e imprimir os documentos. Se no ten instalado o programa, pode acceder á [páxina oficial](#) do fabricante para descargalo de xeito gratuito.


© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia
Oficina de Rexistro Único e Información | [Suxestións e queixas](#) | [Aviso legal](#) | [Atendémolo/a](#)

Páxina de acceso á Oficina Virtual da plataforma REEC

Para acceder ao área dos formularios é necesario indicar un **NIF/NIE** e **autoasignarse un contrasinal**.

O contrasinal pode ser calquera que se desexe cun mínimo de 5 caracteres. **Este contrasinal debe recordarse para posteriores accesos** ao área de traballo asignado ao solicitante. Nese área de traballo persoal residirán todas as solicitudes do solicitante (presentadas ou non).

No caso das entidades solicitantes que accedan por primeira vez, tras pulsar o botón , váiselles pedir que confirmen o seu contrasinal co fin de proceder o seu alta:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Rexistro Especial Entidades Colaboradoras

augasdegalicia

É a primeira vez que accede ao sistema con este contrasinal

Identificador de acceso

NIF/NIE

Contrasinal

Confirme o contrasinal

Contrasinal

XUNTA DE GALICIA
© Xunta de Galicia. Información mantida e publicada na internet pola Xunta de Galicia
Oficina de Rexistro Único e Información | [Suxestións e queixas](#) | [Aviso legal](#) | [Atendémolo/a](#)

Páxina de confirmación de acceso á Oficina Virtual da plataforma REEC

Unha vez confirmado o contrasinal, o solicitante accederá o seu área de traballo persoal onde residirán todas as súas solicitudes (presentadas ou non).

3. ÁREA DE TRABAJO



The screenshot shows the 'Listado de solicitudes e/ou modificacións do título de Entidade Colaboradora' page. It features a table with columns for 'ENTIDADE', 'CIF', 'TIPO', 'MODALIDADE', 'ESTADO', 'CREACIÓN', and 'ÚLT. MODIFICACIÓN'. Two rows are visible: 'ENTIDADE DE PROBA' and 'NOME DA ENTIDADE', both with 'ALTA' type and 'ABERTA' status. Below the table are buttons for 'Nova solicitude' and 'Sair', and a note: 'Para editar ou validar unha solicitude debe seleccionala primeiro.' At the bottom, there are links for 'Lexislación Sectorial' and 'Condicions de uso', and a copyright notice for 2010 Xunta de Galicia.

ENTIDADE	CIF	TIPO	MODALIDADE	ESTADO	CREACIÓN	ÚLT. MODIFICACIÓN
▶ ENTIDADE DE PROBA	11111111H	ALTA		ABERTA	07/07/2010	07/07/2010
▶ NOME DA ENTIDADE	00000000T	ALTA		ABERTA	07/07/2010	07/07/2010

Para editar ou validar unha solicitude debe seleccionala primeiro.

[Lexislación Sectorial](#) | [Condicions de uso](#)

Copyright © 2010 Xunta de Galicia | Todos os dereitos reservados

Páxina do área de traballo na Oficina Virtual da plataforma REEC

Nesta páxina a entidade solicitante poderá crear unha nova solicitude, acceder a unha solicitude xa creada para proseguir coa súa cumprimentación, ou imprimir unha solicitude, ben sea en modo borrador para aquelas solicitudes pendentes de cumprimentar, ou en modo definitivo para aquelas solicitudes xa validadas e listas para a súa presentación no rexistro ordinario.

No listado de solicitudes do solicitante móstrase o tipo de solicitude (ALTA/MODIFICACIÓN), a súa modalidade (ENSAIO/INSPECCIÓN/AMBAS), o seu estado actual (ABERTA/PECHADA/EN TRAMITACIÓN/...), así coma a data da súa creación e a data da última modificación realizada.

A funcionalidade de cada un dos botóns é:

Crea unha nova solicitude e ábrea para a súa cumprimentación.

Sae do área de traballo persoal volvendo á páxina de acceso.



Abre a solicitude seleccionada para a súa consulta, edición e/ou validación.



Imprime a solicitude seleccionada en modo borrador si a solicitude está ABERTA ou en modo definitivo si está PECHADA (xa validada pola aplicación).



4. CUMPRIMENTACIÓN DE SOLICITUDES

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Rexistro Especial Entidades Colaboradoras

Modelo de solicitude e/ou modificación do título de Entidade Colaboradora

PROCEDEMENTO
Outorgamento/Modificación do título de Entidade Colaboradora

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO
AU222A

DOCUMENTO
SOLICITUDE

ENTIDADE
NOME DA ENTIDADE *
NIF/NIE *

DATOS DO SOLICITANTE
PARA LABORATORIOS DE ENSAIO
PARA ORGANISMOS DE INSPECCIÓN

DOMICILIO SOCIAL
ENDEREZO *
C. POSTAL *
PROVINCIA *
CONCELLO
TELÉFONO
MÓBIL
FAX
E-MAIL

RADICACIÓN DA ACTIVIDADE
ENDEREZO
C. POSTAL
PROVINCIA
CONCELLO
TELÉFONO
MÓBIL
FAX
E-MAIL

REPRESENTANTE
NOME
APELIDOS
NIF
ENDEREZO
C. POSTAL
PROVINCIA
CONCELLO
TELÉFONO
MÓBIL
FAX
E-MAIL

DIRECTOR TÉCNICO
NOME
APELIDOS
NIF
TÍTULO
ENDEREZO
C. POSTAL
PROVINCIA
CONCELLO
TELÉFONO
MÓBIL
FAX
E-MAIL

DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN
ENDEREZO *
C. POSTAL *
PROVINCIA *
CONCELLO

De acordo ao establecido no Texto refundido da Lei de Augas (Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo) e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, modificado polo Real Decreto 606/2003, do 23 de maio).

SOLICITA
 Obter o título de Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica de Galicia
 Laboratorio de Ensaio
 Inspección

 Modificar o título de Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica de Galicia *
 Ampliar as labores de apoio
 Reducir as labores de apoio

Autorizo á consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, de 23 de outubro e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio de Presidencia. *

SI NON

LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS
En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro.

Páxina de cumprimentación de solicitudes (pestaña de datos do solicitante)



Nesta páxina as entidades solicitantes poderán cumprimentar as solicitudes para a súa posterior presentación mediante o canal ordinario (presencial). Así poderá cumprimentalas de forma progresiva, gardando os datos cando o requira e validar a solicitude cando complete todos os datos.

Na **pestana de datos do solicitante** recóllense os campos de direccións do domicilio social, da radicación da actividade e do domicilio a efectos da notificación, así coma os datos do representante e do director técnico xunto co tipo (inscrición ou modificación no rexistro de entidades colaboradoras) e a modalidade (laboratorio de ensaio/inspección ou ampliar/reducir labores, respectivamente). Tamén recollese se o solicitante concede ou non a autorización para a consulta dos datos no Sistema de Verificación de Identidade do Ministerio de Presidencia.

Para validar unha solicitude se requirirase ter cuberto, ademais do nome e NIF/NIE da entidade solicitante, o domicilio social e o domicilio a efectos de notificación xunto co tipo e modalidade da solicitude. Estes datos, remarcados cun asterisco (*), son considerados os datos mínimos para validar unha solicitude e que poida presentarse, sendo os demais datos a discreción do solicitante.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Rexistro Especial Entidades Colaboradoras

Modelo de solicitude e/ou modificación do título de Entidade Colaboradora

PROCEDEMENTO
 Outorgamento/Modificación do título de Entidade Colaboradora

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO
 AU222A

DOCUMENTO
 SOLICITUDE

ENTIDADE

<small>NOME DA ENTIDADE *</small>	NOME DA ENTIDADE	<small>NIF/NIE *</small>	00000000T
-----------------------------------	------------------	--------------------------	-----------

DATOS DO SOLICITANTE

PARA LABORATORIOS DE ENSAIO

PARA ORGANISMOS DE INSPECCIÓN

LABORES DE APOIO SOLICITADAS

	MATRIZ	PARÁMETRO	ENSAIO	PRINCIPIO DO MÉTODO	LÍMITE DE CUANTIFICACIÓN	ENSAIO ACREDITADO
✘	AUGAS CONTINENTAIS SUPERFICIAIS	FOSFATOS	FOSFATOS	Concentración fósforo inorgánico presente na mostra principalmente en forma de ortofostato. Métodos: Espectrofotometría de absorción molecular	0,05 mg PO4/L	SI

NOVA LABOR DE APOIO

<small>MATRIZ</small>	AUGAS CONTINENTAIS SUBTERRÁNEAS	<small>PARÁMETRO</small>	FOSFATOS
<small>ENSAIO</small>	FOSFATOS	<small>LIM. CUANT.</small>	0,05 mg PO4/L
<small>PRINCIPIO DO MÉTODO</small>	Concentración fósforo inorgánico presente na mostra principalmente en forma de ortofostato. Métodos: Espectrofotometría de absorción molecular		
<small>ENSAIO ACREDITADO SEGÚN UNE-EN ISO/IEC 17025</small>	<div style="display: flex; align-items: center;"> <div style="border: 1px solid #ccc; padding: 2px; margin-right: 5px;">SI</div> <div style="border: 1px solid #ccc; padding: 2px; margin-right: 5px;">NON</div> </div>		

Páxina de cumprimentación de solicitudes (pestana para laboratorios de ensaio)



Na **pestana de laboratorio de ensaio** o solicitante poderá engadir todas aquelas labores de apoio nas que esté acreditado. Na súa axuda, para a introdución dos distintos campos, proporcionáselle para cada un deles una lista despregable cos valores básicos definidos. No caso do campo parámetro incluso poderase editar ese campo introducindo un parámetro que non se defina na súa lista. Tamén se lle da a opción de eliminar unha labor de apoio introducida para que a volva a introducir no caso de ter que corríxila ou modificala.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Rexistro Especial Entidades Colaboradoras

augasdegalicia

Modelo de solicitude e/ou modificación do título de Entidade Colaboradora

PROCEDEMENTO
Outorgamento/Modificación do título de Entidade Colaboradora

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO
AU222A

DOCUMENTO
SOLICITUDE

ENTIDADE
NOME DA ENTIDADE * NOME DA ENTIDADE

NIF/NIE * 00000000T

DATOS DO SOLICITANTE PARA LABORATORIOS DE ENSAIO PARA ORGANISMOS DE INSPECCIÓN

LABORES DE APOIO SOLICITADAS

ELEMENTO DE INSPECCIÓN	TIPO DE INSPECCIÓN	PROCEDIMENTO ACREDITADO
✖ INSTALACIÓNS	REVISIÓN DAS INSTALACIÓNS DE VERTIDOS	NON

NOVA LABOR DE APOIO

ELEMENTO DE INSPECCIÓN SISTEMAS DE CONTROL

TIPO DE INSPECCIÓN REVISIÓN DOS SISTEMAS DE CONTROL DOS VERTIDOS

PROC. DE INSPECCIÓN ACREDITADO SEGÚN UNE-EN ISO/IEC 17020

SI
NON

Engadir







Gardar Validar Limpar Sair

Páxina de cumprimentación de solicitudes (pestana para organismos de inspección)

Do mesmo xeito, na **pestana de organismos de inspección** o solicitante poderá engadir todas aquelas labores de apoio nas que esté acreditado. Tamén se lle da a opción de eliminar unha labor de apoio introducida para que a volva a introducir no caso de ter que corríxila ou modificala.

Hai que resaltar que nestas dúas últimas pestanas de labores de apoio no se validará se o solicitante engade as labores de apoio correspondentes á modalidade escollida (ensaio ou inspección) nin o número de labores introducidas, **sendo responsabilidade do solicitante o engadilas ou non.**

A funcionalidade de cada un dos botóns na cumprimentación das solicitudes é:

-  **Gardar** Garda as modificacións realizadas nos datos da solicitude.
-  **Validar** Valida a solicitude, comprobando que os datos obrigatorios estén cubertos, e xera o código electrónico ou código web asociado.
-  **Limpar** Limpa todos os campos de datos da pestana seleccionada.
-  **Cancelar** Cancela os cambios realizados na solicitude volvendo ó listado de solicitudes do solicitante.
-  **Engadir** Engade a labor de apoio de Ensaio/Inspección introducida.
-  **Eliminar** Elimina a labor de apoio de Ensaio/Inspección seleccionada.

Aclaración: Unha vez validada unha solicitude se poderá acceder a ela para a súa consulta pero non se permitirá a súa modificación, aparecendo bloqueados tanto os campos de datos coma os botóns de operación.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Una vez cumprimentada a solicitude e validada correctamente pola aplicación, o usuario poderá obter un exemplar impreso válido para a súa presentación no que aparecerá o código electrónico ou código web asociado.

A presentación de dita solicitude **realizarase polo canal ordinario (presencial)**, xunto coa documentación que lles sexa esixible segundo a actividade que desenvolvan, de calquera dos xeitos que lle permita a Lei 30/1992 de procedementos administrativos.